

RESOLUCION REITORAL SOBRE DELEGACION DAS COMPETENCIAS DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA DA USC

Na Resolución do 30 de abril de 2020 sobre delegación de competencias en determinados órganos universitarios publicada no DOG do 11 de maio de 2020 figura no seu apartado VI unha delegación en favor do/da xefe/a do Servizo de Xestión Académica.

Tendo en conta que con efectos do 29 de xuño de 2021 a praza de xefe de servizo quedou vacante e que as súas funcións serán asumidas de forma provisoria por D. Francisco Colomer Fariña, vicesecretario xeral da USC mediante Resolución da Xerencia do 30 de xuño de 2021, procede que se dicte a presente Resolución para que as funcións delegadas ao xefe de servizo de Xestión Académica sexan exercidas polo Vicesecretario Xeral en tanto se manteñan estas circunstancias.

Á vista do anterior, esta Reitoría

RESOLVE

Primeiro.-

As competencias delegadas ao Xefe de Servizo de Xestión Académica mediante a Resolución Reitoral de 30 de abril de 2020 serán asumidas dende o 30 de xuño de 2021 polo vicesecretario xeral da USC durante o tempo no que se manteña a asunción temporal de funcións deste posto.

Segundo.-

Nas resolucións que se diten en virtude desta resolución de delegación farase constar unha referencia tanto á presente resolución como á Resolución xeral de delegación e consideraranse ditadas polo órgano delegante.

Disposición final.-

Esta resolución entrará en vigor o día da súa publicación no Taboleiro de anuncios electrónico da USC.

O Reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,
30/06/2021 19:01:00.

CSV: E428-6196-47EF-83D3